

NOTA DE PRENSA 29.04.2022

Este valioso ordenamento xurídico é a contribución do Camiño á configuración do Dereito Internacional, asegurou Xesús Palmou

“O VOLUME DE PEREGRINOS DESDE O SÉCULO XI EN DIANTE FIXO QUE OS REIS DOTASEN AO CAMIÑO DE PROTECCIÓN XURÍDICA TANTO LAICA COMO RELIXIOSA”

Antes da conferencia sobre “O Dereito no Camiño de Santiago”, o plenario da Real Academia Galega de Xurisprudencia aprobou o ingreso na mesma, como académico numerario, do maxistrado Miguel Ángel Cadenas e o ingreso de Manuel Pizarro Moreno, presidente da Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación de España, como novo Académico de Honra da Real Academia Galega.



De izq. a dcha: José María Gómez y Díaz-Castroverde, Presidente do TXSG e Académico Numerario da RAGXeL, Xesús Palmou Lorenzo, Presidente da Academia Xacobeá e Académico Numerario da RAGXeL; José Luis Seoane Spiegelberg, Presidente da RAGXeL, Maxistrado do Tribunal Supremo e Fernando Suanzes Pérez, Fiscal Superior de Galicia

A Coruña, 29 de abril de 2022.- “No Século IX, tras o descubrimento- inventio da tumba do Apóstolo en Compostela, comeza o fenómeno da peregrinación a Santiago, orixinando un constante tránsito de peregrinos ao longo de toda a Idade Media, que, segundo estudos recentes, superaron no século XII as 250.000 persoas cada ano”.

Con estas palabras abordou o presidente da Academia Xacobeá, Xesús Palmou, a viaxe pola historia do Dereito que naceu e medrou ao carón do Camiño de Santiago para protección dos peregrinos. Palmou Lorenzo, académico de número

da Real Academia Galega de Xurisprudencia desde 2013, lembrou a frase atribuída ao escritor alemán Goethe: "Europa fíxose peregrinando a Compostela" para sinalar que a peregrinación, tamén fonte de desenvolvemento económico, técnico e cultural, mereceu a atención dos Reis, que dotaron ao Camiño de infraestruturas, apoio humano e protección xurídica, a través dunha adecuado lexislación, tanto laica como relixiosa.

Falamos, engadiu, "dunha lexislación supranacional, que supón privilexios para os peregrinos e agravación de responsabilidade para quen actuase en contra da súa persoa ou das súas cousas e intereses, lexislación uniforme nos distintos reinos, aplicable aos peregrinos, con independencia da súa nacionalidade". Por tanto, "estamos diante dunha lexislación que configura o Dereito Internacional, constituída por infinidade de normas civís e eclesiásticas que constitúen un valioso ordenamento xurídico".

O conferenciante, fixo referencia ás distintas clases de peregrinacións e aos perigos que axexaban aos peregrinos no seu roteiro a Compostela, para logo facer un relatorio das distintas normas, promulgadas polos poderes civís e relixiosos ao longo da historia, que no seu conxunto pódense considerar o Estatuto Xurídico do Peregrino ou Código dos peregrinos.

Este evento forma parte do Ciclo de Conferencias organizadas pola RAGJYL en colaboración co Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña, o Ilustre Colexio Notarial de Galicia e ABANCA

ELECCIÓN DE NOVO ACADÉMICO DE NÚMERO E DE HONRA. Antes da conferencia, o Pleno de Académicos e Académicas de Número da Real Academia Galega de Xurisprudencia elixiu ao ex presidente do TSXG, Miguel Ángel Cadenas Sobreira, como novo Académico de Número para ocupar a vacante da Medalla nº 33, que correspondeu ao anterior presidente da Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, José Antonio García Caridade ata o seu falecemento.

A súa candidatura foi presentada polos Académicos de Número José Manuel Liaño Flores, José María Botana López e José María Gómez e Díaz-Castroverde.

O Pleno acordou tamén o ingreso de Manuel Pizarro Moreno, presidente da Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación de España, como novo Académico de Honra da Real Academia Galega.